

## Actividades da Asociación



Fig. 1

De cantas actividades leva a cabo a nosa Asociación, as viaxes culturais teñen un carácter especialmente destacado. Sen embargo, o último ano, transcorrido aproximadamente entre as asembleas anuais celebradas no mes de novembro, non foi precisamente moi “viaxeiro”, pois tan só se puido facer unha excursión, nesta ocasión por fóra de Galicia.

De calquera xeito, tanto polo número de participantes como polo contido da viaxe, podemos considerala un rotundo éxito, e máis aínda se temos en conta a satisfacción que os viaxeiros puxeron de manifesto. Palencia foi a cidade na que fixemos centro para, desde alí achegarnos ó seu contorno. Para moitos foi a primeira vez que visitabamos a vella capital leonesa, que non deixou de sorprendernos, tanto polo seu ambiente como polos seus monumentos. Previamente estiveramos gozando da arquitectura mudéjar de

Sahagún, e logo visitamos as *villae* romanas de Quintanilla de la Cueva e de La Olmeda, nas que nos sorprenderon a cualidade e dimensións das estruturas arquitectónicas, potenciadas pola espectacularidade e conservación dos seus impresionantes mosaicos. Ademais tivemos ocasión de coñecer a don Javier Cortés, que foi o propietario e descubridor, así como o primeiro arqueólogo, da *villa* de La Olmeda, que conta cun museo monográfico na igrexa da veciña poboación de S. Pedro de Saldaña. A viaxe foi moi completa en visitas, pero quixeramos destacar as que fixemos á igrexa visigoda de San Juan de Baños (Fig. 1), e a de Medina de Rioseco para ver a sorprendente “Fábrica de Harinas” e, nun paseo pola vila, reparar nas súas igrexas, hoxendía case desmesuradas para a poboación na que se sitúan, e coñecer o Museo de Semana Santa. Tamén estivemos na monumental igrexa gótica e renacentista de Villal-

cázar de Sirga, e a viaxe remataría no conxunto medieval fortificado de Urueña (Fig. 2) e na igrexa mozárabe de San Cebrián de Mazote. Como se pode ver por esta apretada síntese, un denso e non menos apretado percorrido pola Meseta Norte.

A Asociación participou nas exposicións temporais que tiveron lugar nas dependencias do Museo. Dúas foron as que se fixeron neste último ano: a primeira dedicada a “Antonio García y Bellido y la Arqueología del Noroeste peninsular”, na que se recollían as distintas actividades do insigne arqueólogo nas terras da máis extensa *Gallaecia*. A segunda das exposicións, *Museos de Galicia: a memoria dun pobo*, foi unha ampla mostra do quefacer museístico na nosa terra, plasmado en paneis informativos e ben ilustrativos de cada un dos centros que pertencen ó Consello galego de Museos, asociación na que se agrupan as máis importantes entidades museísticas de Galicia.

Unha vez máis, a publicación do número 12 do boletín *CROA* foi unha das nosas actividades do ano pasado, e saíu coa intención de melloralo e ampliálo cada vez máis. Aparte das seccións fixas, o núcleo fundamental dos seus contidos versaron, loxicamente, sobre arqueoloxía. A eles sumáronse os de carácter antropolóxico, pero tamén se contou cunha colaboración que continuaba o estudo urbano do Lugo decimonónico, agora para ver o estado de conservación e as iniciativas das institucións sobre a arquitectura dos séculos XIX e XX.



Fig. 2

Como cada ano, continuou a colaboración dos Amigos de Viladonga coa *Federación Española de Amigos de los Museos* (FEAM), baseada sobre todo no intercambio de información sobre actividades da nosa entidade, doutras similares e as da propia Federación. Por indicación desta, e dado que neste ano 2003 o Día internacional dos Museos tiña como lema "Os museos e os seus amigos", fíxose unha conmemoración especial na que diversos membros da nosa Asociación atenderon ós visitantes na xornada do 18 de maio (entre eles a unha numerosa e variopinta concentración de moteiros), e a partir dese día quedou aberto no Museo un libro de sinaturas, comentarios e suxestións que a Asociación ofrece a todos os visitantes para un maior achegamento entre o Museo e a sociedade.

Iniciáronse as xestións coa ONCE (na súa Delegación en Lugo) para unha futura colaboración entre o Museo, a Asociación e a propia ONCE, con vistas á elaboración de

material informativo e de difusión adaptado ó sistema Braille de lectura para invidentes. Para o vindeiro ano está previsto ter preparados os textos e outro material de base para que poida callar esta que, esperamos, sexa unha fructífera colaboración.



Fig. 3

En canto ós produtos que a Asociación ten á venda na Recepción do Museo, houbo que facer novos e reiterados encargos de olas, chaveiros e *pins* - a artesáns e empresas galegas - tal e como se falou na inmediata assemblea anual. Tamén se encargaron - en data máis recente e a unha casa catalana - marcapáxinas metálicos para libros coa forma dos pasarrendas de bronce atopados no Castro de Viladonga e expostos no Museo.

Por último, dúas celebracións contaron coa nosa activa colaboración e presenza. En primeiro lugar, por orde cronolóxica, foron os XII Encontros na Terra Cha, que organiza a Asociación Cultural *Xermolos* de Guitiriz guiada por Alfonso Blanco Torrado, e que este ano foron dedicados á figura de don Felipe Arias, Director do Museo de Vila-

donga. A festa foi, pois, unha merecida homenaxe ó noso consocio, e noutras páxinas desta revista recóllese a intervención dun dos membros da mesa presidencial dos actos. A outra actividade na que a Asociación quixo estar presente foi a IV Festa Valura - Xornadas de Identidade Chairega -, que tivo lugar no mes de

xullo e na que, entre outras cousas, se organizou o percorrido poético pola Ruta de sendeirismo do río Azúmara, saíndo do Museo do Castro (Fig. 3) para rematar xantando en Castro de Rei e participando nos actos culturais alí celebrados.

Confiamos en que as actividades aprobadas na Asemblea de socios

para o curso 2003-2004 sexan do agrado de todos, e que esa satisfacción se manifeste sen dúbida nunha ampla participación en todo canto de aquí a un ano temos previsto, entre o que non será un labor menor a necesaria actualización dos nosos Estatutos conforme á nova normativa vixente.